

2.1. DISPONIBILIDADE DA AULA.

A Aula de Informática estará dispoñible 2 sesións semanais de clase para cada un dos grupos 4º A de ESO e 4ºB (ambos de Matemáticas B). Quedando unha sesión para cada grupo na aula de referencia.

Se por algunha circunstancia momentánea non se puidese utilizar, cabería a posibilidade de utilizar a biblioteca con 10 equipos modernos de apenas un ano de antigüidade.

2.2. CARACTERÍSTICAS DOS EQUIPOS.

Na aula de informática traballárase nun aula que conta con equipos e que existen cuxas características son:

MODELO	Dell Optiplex745	Dell Optiplex 740	Fujitsu
Características	PROCESADOR: Intel Core 2. 6300 1,86 Ghz.	PROCESADOR: AMD 2,8 Ghz	PROCESADOR: Pentium III
	SISTEMA OPERATIVO: MS Windows XP Professional –SP2 SUSE Linux 10.1	SISTEMA OPERATIVO: MS Windows XP Professional –SP2 SUSE Linux 10.1	SISTEMA OPERATIVO: MS Windows XP Professional –SP2
	MEMORIA:1 GB de RAM	MEMORIA:2 GB de RAM	MEMORIA: 512 KB de RAM
	DISCO DURO: 120 GB	DISCO DURO: 74,56 GB	DISCO DURO: 120 GB
Nº de equipos.	11	9	2

2.3. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO NA AULA.

O agrupamento na aula será variable. E dicir, primeiro traballarán por parellas nos equipos para obter unha maior confianza e seguridade no manexo das páxinas e dos applets e despois traballarán cada un no seu equipo individualmente sobre todo na realización de prácticas e follas de traballo.

2.4. DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS.

A distribución será a actual da aula de informática (que se propuxo atendendo a criterios pedagóxicos) onde os equipos se atopan en forma de “U” invertida coa apertura de cara á mesa do profesor, ó encerado e á pantalla de proxección. Esta disposición permite ó profesor controlar os equipos con bastante facilidade.

O longo do curso tratarase de colocar a pantalla no que sería á “curva” da “U” para que os alumnos non teñan que xirarse tanto para vela, xa que as cadeiras non poden rotar.

2.5. CONECTIVIDADE Á REDE INTERNET.

A conectividade está asegurada en tolos os equipos da aula de informática con conexión ethernet e na aula de clase a través de conexión inalámbrica (en breve a través de cableado de rede) do centro e da Consellería de Educación e unha conexión exterior do centro de tipo ADSL de 2 Megas.

2.6 OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS.

Na aula da informática existe un Videoproxector EPSON-EMP74 coa súa correspondente pantalla de proxección.

En cada aula de referencia de 4º de ESO (e en tódalas aulas dos grupos de ESO) cóntase ademais con:

- Un videoproxector Hitachi de aula fixado no teito e de alta luminosidade que permite a proxección directa sobre o encerado verde con gran nitidez.
- Un proxector de obxectos dixital que permite a proxección de calquera texto no encerado a través do videoproxector.
- Conexión sen fíos na aula de 54Mbps.
- Un ordenador de sobremesa.
- Conexión Ethernet de rede (e polo tanto conexión a Internet).(Esta conexión estará dispoñible en breve).
- Un ordenador HP VECTRA con Sistema Operativo Windows98 SE co programa EDEBENET instalado que permite controlar os equipos da aula de forma remota e mesmo apagar pantallas e equipos.

É probable que se poida dispoñer dun Encerado Dixital Interactivo Smartboard, que se atopa na aula de Plástica pero dependerá da dispoñibilidade da citada aula.